



GRUPO MUNICIPAL
PARTIDO POPULAR
SANTIAGO

CONCELLO DE SANTIAGO	SECRETARIA DO PLENO
Data	07 MAR. 2018
ENTRADA	
Hora.....	Núm. 79

PREGUNTA ORAL SOBRE OS CRITERIOS PARA A LOCALIZACIÓN E CONTROL DAS COLONIAS FELINAS

O Grupo Municipal do Partido Popular no Concello de Santiago, ao abeiro do establecido na normativa de aplicación eleva a esa Alcaldía, para a súa inclusión na Orde do día a debater no Pleno da Corporación, a seguinte **PREGUNTA ORAL**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No Grupo Municipal Popular temos recibido varias queixas pola colocación dalgunhas colonias de gatos. Non polo feito de que existan nin polo seu mantemento, senón polo feito de que algunhas estean radicadas demasiado cerca de vivendas o de parques infantís. Esta proximidade xera perigos para as crianzas, que poden intentar tocar a comida ou tocar aos propios animais, que non están socializados. Tamén entrañan risco para as mascotas de quen vive nos edificios próximos que tratan de comer nos comedeiros dos animais e, nalgúnha situacións más penosas, chegan a darse casos de persoas que tiran restos de comida polas ventás ante a proximidade dos asentamentos establecidos.

Situacións coma estas, que non son feitos illados, estanse a vivir en distintos lugares da cidade, onde as casetas que serven de acubillo a gatos e gatas ou os lugares habituais de comida están próximos ás paredes de edificios ou mesmo aos portais das vivendas. Cando as colonias non están o suficientemente afastadas, é frecuente que xurdan conflitos de convivencia, que repercuten na imaxe e na consideración duns animais que en principio –e procurándolle unha axeitada situación- non deberían supoñer un problema.

En relación con esta cuestión, formúlase a seguinte pregunta:

Que criterios segue e que control realiza o Goberno local en relación coa localización e mantemento das colonias felinas nas distintas zonas do concello?

Santiago de Compostela, 7 de marzo de 2018

María Teresa Gutiérrez López
Concelleira do Grupo Popular